



Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Vila de Cruces para a execución do proxecto denominado Reparación dos danos causados polas tormentas do día 30 de xuño de 2018

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten previsto asinar co Concello de Vila de Cruces un convenio para a execución do proxecto denominado Reparación dos danos causados polas tormentas do día 30 de xuño de 2018.

O Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, atribuíndolle, entre outras as competencias en materia de asistencia á Administración local.

Á súa vez, o artigo 22 do antedito decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias atribuídas á Xunta de Galicia en materia de Administración local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Por outra banda, o artigo 25 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, establece que as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión, terán que estar dirixidas á protección do ambiente, incluídas aquelas que teñan por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou risco.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.





O obxectivo común é conseguir ou recuperar o funcionamento das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.

Por outra banda, na aplicación orzamentaria 05.23.141A.461.0 (CP 2015 00167 *Actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do medio ambiente*) existe crédito que se considera axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración para o financiamento do conxunto de actuacións integrantes do proxecto subvencionado, que teñen como obxectivo final a recuperación ambiental das áreas afectadas e do espazo natural.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Vila de Cruces o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2018.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Vila de Cruces para a execución do proxecto denominado Reparación dos danos causados polas tormentas do día 30 de xuño de 2018.

5. Fundamentos do convenio

O Concello de Vila de Cruces manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para acometer o proxecto denominado Reparación dos danos causados polas tormentas do día 30 de xuño de 2018 que ten como obxecto reparar os danos producidos en diversos camiños e canles das parroquias de Cumeiro, Lázaro, Arnego, Duxame e Ferreirós, que foron afectados pola intensa treboada que tivo lugar neste Concello .

A solicitude fundaméntase na necesidade de responder de contado ante a grave situación que se produciu en Vila de Cruces a consecuencia das intensas choivas caídas nun reducido espazo de tempo e que deron lugar a riadas dunha magnitude devastadora.

O pasado día 30 de xuño, tivo lugar unha intensa tormenta que afectou á zona Este de o Concello de Vila de Cruces, deixando ao seu paso importantes danos en camiños, pontes, canles, e outros bens de titularidade municipal. Estes danos necesitan ser reparados de maneira inmediata facendo transitables os camiños afectados, garantindo a seguridade dos vehículos e persoas que transitan por eles e evitando os posibles danos que puidese provocar o descenso das augas que agora discorren sen canalizar e abnegan as parcelas lindeiras.

O proxecto presentado recolle diversas actuacións puntuais consistentes na limpeza dos residuos e lodos ocasionados pola tormenta que obstrúen as canalizacións e os camiños impedindo o tránsito e contaminado as augas dos ríos. Ademais, de forma puntual, reparásense algunhas fochancas xeradas pola forza da auga que levantou o pavimento en algúns puntos.

Debido á gravidade e excepcionalidade desta situación, o concello non dispón actualmente dos recursos económicos propios suficientes para cubrir a totalidade as actuacións necesarias para a reposición das infraestruturas afectadas.

A necesidade da colaboración solicitada á Vicepresidencia e Consellería acentúase pola concorrencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé a súa convocatoria nas próximas datas, dado o avanzado do exercicio orzamentario, polo custo temporal da tramitación dun procedemento destas características.





Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as necesarias actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Vila de Cruces de afrontar en solitario os compromisos económicos que o restablecemento do normal funcionamento dos servizos municipais, mediante a execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles e necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local atribúelle aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Vila de Cruces.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de CORENTA MIL EUROS (40.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.461.0 (CP 2015 00167 *Actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do medio ambiente*) na que existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento do conxunto de actuacións integrantes do proxecto subvencionado, que teñen como obxectivo final a recuperación ambiental das áreas afectadas e do espazo natural degradado. Este importe representa o 100% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio e que ascende a 40.000,00 €.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez

Documento asinado dixitalmente á marxe

